

ENRIQUE ALONSO RODRÍGUEZ e **LUIS ALBERTO RIOBÓ VEIGA**, delegados de persoal pertencentes á sección sindical de CCOO neste concello, con NIF G15103112, actuando en nome e representación da mesma,

DICE:

- Que con data 16 de novembro de 2018 publicouse no BOP de Pontevedra (nº221) a **aprobación inicial do orzamento do Concello de Vigo e Cadro de Persoal para o exercicio 2019**, emprazando aos interesados para a presentación de reclamacións durante o prazo de 15 días hábiles.
- Que, facendo uso dese dereito, ven a realizar as seguintes

ALEGACIÓNS

Primeira.- Previa

Queremos manifestar que estas alegacións se fan **sen ter** sido trasladado a este sindicato, como parte formante da mesa de negociación, **nin tan sequera un borrador da acta da realizada** para comezar a negociar estes orzamentos o 09/10/2018, cando lexítimamente temos dereito a iso, e que nos coarta á hora de poder responder e elaborar estas alegacións, deixándonos nunha absoluta posición de **INDEFENSIÓN**.

Segunda.- Falta de negociación colectiva

Tal e como ven sendo habitual neste concello nos últimos exercicios económicos o proceso de elaboración dos orzamentos e do cadro de persoal adolece dun requisito fundamental para a súa lexitimidade e legalidade que non é outro que o da **negociación colectiva**.

Esta negociación colectiva, se ven é verdade que se convocou unha mesa de negociación para iso, dita mesa non funcionou como tal se non que o fixo como unha sesión informativa do goberno local aos representantes sindicais, un **“dar conta”** de algo que xa estaba decidido de antemán sen ter os sindicatos con representatividade na corporación local oportunidade ningunha para poder debater os seus extremos, como sería lóxico.

Proba disto é que na mesma se solicitou en reiteradas ocasións por parte dos sindicatos celebrar outra mesa de negociación para seguir debatindo e negociando o orzamento en canto respecta ao Capítulo I, cousa que non se cumpriu por parte da empresa, ao seguir para adiante cos trámites previstos para a súa aprobación, e a pesar de que o aquí expoñente sr. Alonso dixo de que aquilo non era unha mesa de negociación senón que só se estaba informando de algo que xa estaba fixado de antemán.

CONCELLO DE VIGO - REXISTRO DE ENTRADA
<http://www.vigo.org/consultadocumento>

1



180196250

10/12/18



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/12/2018 10:40

Páxina 1 de 5

Documento 180196250

CSV: 2CE351-C2B3E2-D53C5B-726739-6VS89H-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Falamos dun dar conta, non nun someter a debate e negociación.

Neste convencemento de que sería convocada outra mesa de negociación é cando esta representación sindical ten coñecemento que dito anteproxecto de orzamentos e de cadro de persoal fora aprobado pouco despois para sometelo á aprobación inicial do pleno da corporación, ocultando e enganando así aos sindicatos sobre as súas verdadeiras intencións.

Aquí se nota as verdadeiras intencións por parte da empresa que, habendo tempo para convocar outra reunión (nótese que a mesa de negociación fíxose o 09/10/2018 e a aprobación inicial é de data 15/11/2018), non convocou para unha segunda mesa para seguir negociando, tal e como se tiña acordado cos sindicatos.

O obxectivo, como se ve, do goberno local, era soslaiar a negociación colectiva, desprezando aos representantes dos traballadores e relegándoos a un mero papel de espectadores pasivos.

Pois ben, ante isto esta sección sindical só pode responder co que está previsto na lei, lei que ten que ser cumprida por todos, sexamos cidadáns particulares ou administracións públicas.

Con esta actitude se está vulnerando o dereito á negociación colectiva recoñecido no artigo 31 do TREBEP a todos os empregados públicos.

Segunda.- Nulidade

O artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece no seu apartado que **son nulos de pleno dereito os actos das administracións públicas que seXan "ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados."**

No suposto que nos ocupa está clara a falla deste requisito.

Nesta materia é abondosa a xurisprudencia que se manifesta neste senso ao respecto. Exemplo da mesma é a **sentenza do Tribunal Supremo, sala do Contencioso Administrativo, do 20 de outubro de 2008**, confirmatoria doutra do Tribunal Superior de Xustiza de Baleares que anula o acordo do Concello de Palma de Mallorca que convertía dúas prazas de funcionarios de carreira en funcionarios eventuais. O Tribunal Supremo sostén que esta conversión implica unha alteración sustancial que precisa operarse a través da modificación da preceptiva Relación de Postos de Traballo e non a través da aprobación da Plantilla Orgánica, cuxa finalidade "es distinta (predomiantemente de ordenación presupuestaria)".



E continúa dicindo: *“es evidente que este instrumento, al tener carácter excluyente de otros para configurar dicho contenido, vincula a las Plantillas Orgánicas, que, como dice la sentencia recurrida, tiene un marcado carácter presupuestario. En definitiva **la aprobación de la Plantilla Orgánica no es sino la aprobación de una partida de los presupuestos, que podrá prever un número de funcionarios menor que el establecido en la Relación de Puestos de Trabajo** (al existir por ejemplo vacantes que por motivos presupuestarios se decida no cubrir) **pero que no puede contradecir en el contenido, naturaleza y número máximo de plazas, a las provisiones previstas en la Relación de Puestos de Trabajo. Esto justifica precisamente que como dice la sentencia de esta Sala de 16 de noviembre de 2001, no sea precisa en la aprobación de las Plantillas Orgánicas la negociación colectiva previa, pues no tendría ningún sentido que no se exigiera dicha negociación, y si para la aprobación de la Relación de Puestos de Trabajo, y después, se permitiera la modificación de éstas al aprobar las Plantillas Orgánicas. Ello supondría una vulneración del derecho a la negociación colectiva previsto en nuestra legislación”**.*

*“**Establecida la Relación de Puestos de Trabajo como el instrumento idóneo para la modificación del contenido, valoración de complementos etc., de cada puesto de trabajo, haya sido o no aprobada dicha Relación, no pueden modificarse sino a través de ésta, y no por una simple aprobación de la Plantilla Orgánica”**.*

E o que é máis, que **a potestade de autoorganización da Administración non pode prevalecer sobre o cumprimento dos preceptos legais relativos ás Relacións de Postos de Trabajo.**

Outra sentenza, esta vez do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias ven a anular os orzamentos dun concello pola **ausencia de negociación colectiva dos mesmos ao seren estes materia obrigatoria obxecto de negociación** segundo o disposto no artigo 37 do TREBEP (sentenza nº 86/2011, do TSX de Canarias, sala do Contencioso Administrativo de 15 de marzo de 2011), confirmada pola **sentenza do Tribunal Supremo, sala do Contencioso Administrativo, de 22 de outubro de 2012.**

Ou a **STS de 24 de xuño de 2011**, sala do Contencioso Administrativo, recurso de casación nº 366/2009; **STS de 7 de maio de 2010 e 2 de decembro de 2010** sala do Contencioso Administrativo, recursos de casación nº 3492/2007 e nº 3717/2009, de idéntico contido.

Ademais, o **trámite de negociación colectiva “no es sustituible por la petición de informes a las organizaciones sindicales o comunicación o información a posteriori-, es procedente y obrigatoria,** y su ausencia equivale a la omisión de un esencial trámite procedimental, incardinable en el artículo 62.1.e) de la Ley 30/92 ” (**STS 26 de outubro de 2011, recurso casación 4992/2010**).

Por outro lado, hay que dicir que aínda que se intente por parte da



Administración maquillar a “dotación de tres novos postos de persoal eventual (2 asesores alcaldía e 1 auxiliar eventual)”, o feito é que nos atopamos ante unha transformación de prazas previa amortización de prazas vacantes no Cadro de Persoal (que afecta, polo tanto, á RPT), tal e como se desprende dos informes técnicos de Recursos Humanos que figuran no expediente administrativo dos Orzamentos, o que ven a confirmar que nos atopamos no suposto da mentada STS do 20 de outubro de 2008.

Terceira.- Negociación colectiva real

Esta negociación non se pode ceñir a unha mera labor de informar, de dar conta senón que ten que ser real e non ficticia, cousa que non ocorreu neste caso xa que se convocou á mesa de negociación e á que se acudiu cunha proposta xa pechada, coñecida no mesmo momento, na que os sindicatos non tiñan nada que dicir xa que a postura do Concello era a de considerar a mesma como un mero acto de trámite, de informar soamente

Nada mais lemos do que realmente debe ser e para proba diso temos a **STS do 9 de outubro de 2013, sala 3ª do Contencioso Administrativo** que dispón que a citación ten que facerse coas esixencias necesarias para que a participación dos representantes sindicais na negociación **se efectúe en condicións que aseguren a efectiva defensa das súas posicións; isto é, dispoñendo do tempo e do material informativo que resultan imprescindibles para que, coa debida reflexión, se poida estudar o obxecto da negociación e decidir a posición que na mesma deba seguirse nos termos máis convenientes para os intereses que se queiran defender.**

Nada disto pasou na mesa de negociación do día 09/10/2018.

Así, podemos dicir que *“El derecho de negociación colectiva de los sindicatos sí se integra en el de libertad sindical, como una de sus facultades de acción sindical, y como contenido de dicha libertad, en los términos en que tal facultad de negociación les sea otorgada por la normativa vigente, pues así resulta de lo dispuesto en los arts. 7 y 28.1 CE y en los arts. 2.1 d) y 2 d) y 6.3 b) y c) de La Ley Orgánica de libertad sindical (STC 80/2000)”* e que *“El derecho a “negociar” supone algo menos que el derecho a conseguir “acordar” pero algo más que el derecho a “informar”. No se trata de un puro nominalismo sino sencillamente de atender a la finalidad del proceso negociador que no es otro que las autoridades locales y los representantes sindicales puedan poner en común sus posiciones, mostrar sus intereses, debatir sobre los criterios de la contraparte y finalmente, tras un esfuerzo de acercamiento, poder arrojar un resultado fructífero que si es bueno para los empleados públicos también los será para la corporación...”* y es que como recuerda la St. del T.C. 85/2001 de 26 de marzo, cuando señala: *“...negociación que «es algo más que el acuerdo final a que, en su caso, aquélla pueda conducir, consistiendo antes que en éste, en la propia actuación negociadora y en las deliberaciones por medio de las que se va realizando» (STC 80/2000, de 27 de marzo)”* e que *“En las Mesas de Negociación se han de debatir todas las propuestas, y*



negociar significa proponer cuestiones, modificar criterios, apuntar soluciones o problemas, detallar elementos, en fin, negociar significa plantear y tratar todo el amplio abanico de opciones que puedan plantearse, y tratarse ante un concreto punto de debate. Y hurtar esa posibilidad a cualquier de los Sindicatos integrantes de la Mesa negociadora, a través de presentarles un preacuerdo ya firmado, significa que la negociación se limita porque alcanzaría únicamente a la discusión en torno a los términos en que está redactado ese preacuerdo, y con ello se impide tratar otros puntos o cuestiones que no estén detallados en ese documento, porque lo resuelto en el preacuerdo podrá aceptarse o no, pero esa facultad constituye una limitada y sesgada posibilidad de la facultad negociadora que asiste a esos sindicatos, pues no se les ha permitido la opción de negociar en los amplios términos que el concepto "negociación" exige entender e interpretar...". - Sentenza nº 388/2015 de TSJ Galicia (A Coruña), Sala de lo Contencioso, 17 de Junio de 2015 -

Asimesmo, o **Tribunal Constitucional** tamén tivo ocasión de pronunciarse ao respecto sendo taxante na interpretación deste dereito ao dicir que negociación " **es algo más que el acuerdo final a que, en su caso, aquella pueda conducir, consistiendo antes que en éste, en la propia actuación negociadora y en las deliberaciones por medio de las que se va realizando**" (STC 85/2001, de 26 de marzo).


Polo exposto,

SOLICITAMOS:


Que, tendo por presentado este escrito, se admita e, na súa virtude, se teña por realizadas as devanditas alegacións á aprobación inicial dos Orzamentos do Concello de Vigo e Cadro de Persoal para o ano 2019, se acorde a nulidade no procedemento de elaboración dos mesmos por adolecer dun requisito procedimental fundamental como é o da negociación colectiva.

Vigo, 10 de decembro de 2018

Enrique Alonso Rodríguez



Luis Alberto Riobó Veiga



CONCELLO DE VIGO
PRAZA DO REI, Nº 1
36202 VIGO

